

Margarita Arufe Blanco
Laura Malvar Méndez
Isabel Seco Vicente

Seminario Permanente: "Atención á diversidade"
CPI Dices-Rois
CEFORE-Santiago de Compostela

A integración do alumnado con necesidades educativas especiais ¿Realidade ou utopía?

1.- A modo de introducción:

Non imos negar que con respecto á LOXSE escóitanse moitas voces críticas, pero, sen dúbida esta lei, dende o noso punto de vista, ten moitas contribucións positivas. Un aspecto novedoso, que dita Lei establece é a integración do alumnado con necesidades educativas especiais (n.e.e.), a vida de este alumnado, por suposto, veuse enriquecida. So o feito de estar dentro dunha aula ordinaria é unha fonte de múltiples experiencias para eles, e, nos casos nos que se logra una integración funcional na aula, a súa vida escolar non ten nada que ver co que sería unha aula específica de educación especial das que xurdiron coa Lei Xeral de Educación de 1970.

Como non podía ser de outra maneira, o noso centro sumouse no curso 95/96 a á experiencia da integración do alumnado con n.e.e. (neses momentos na comunidade autónoma galega estaba en marcha o Plan de Integración do alumnado con n.e.e.). Así foi, como empezamos a tomar contacto con "X.C" un alumno afectado de parálise cerebral que iniciou a súa escolaridade no curso 91/92 cando acudiu á aula de Educación Infantil e que, nestes momentos cursa 2º de Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.).

Por suposto, organizar o proceso de ensinanza - aprendizaxe de este alumno ó longo destes cursos, non imos a dicir que foi doado, pero, si subliñar que resulta un punto de enriquecemento para a vida da aula, do centro e do profesorado (tanto a nivel persoal como profesional).

Destacar, que non foi unha tarefa sinxela, estruturar os procesos de ensinanza - aprendizaxe, xa que hai una serie de aspectos como son: as limitacións de formación do profesorado do centro no campo da atención ás n.e.e., a existencia de barreiras arquitectónicas, a falla de recursos materiais, a necesidade de contar con profesionais que nos asesoraran sobre o tema, os cambios na organización do centro e da aula, as actitudes manifestadas,... que fan que non resulte un tema doado de abordar.

Con todo isto, cremos que os pasos que se van dando, anque pequenos, son estables e van en aumento no transcurso do tempo.

2.- Evolución sociofamiliar e escolar :

A tódalas familias cústalles asumir que un dos seus membros ten algún tipo de limitación (física ou mental). Nestes casos as familias acostuman a optar por algunha das seguintes posturas, Toledo y González (1995):

- Ignorar o problema, pretender que todo é normal e culpabilizar a terceiras persoas da falla de progreso do/a súa fillo/a (os mestres non lle ensinan, téñenlle manía, o médico non o atende ben,...).
- Sobreprotexelos, o que impide que adquira destrezas de autonomía persoal (cren que “todo o mundo” ten a obriga de facer o mesmo).
- Asumilo e intentar aproveitar ó máximo as súas posibilidades e as axudas

No caso que nos ocupa, a familia optou por sobreprotexelo, feito este que fixo que X.C., durante un tempo, se comportara como un tirano, “o mundo xiraba en torno súa”, todos debían estar á súa disposición.

Con 9 años X.C. non posuía ningunha clase de autonomía (non se desprazaba, non bebía só...) necesitaba axuda para todo. As normas non existían para el e cando non conseguía o que quería deixábase caer ó chan ou pegáballo ós seus compañeiros e compañeiras.

Cando se lle suxeriu á familia que parte da educación do seu fillo consistía en no desenvolvemento de hábitos e destrezas que o fixeran máis autónomo, en principio, aceptaron encantados, pero custoulles seguir algunhas das recomendacións que se lle deron, por poñer un exemplo:

- Si se deixaba caer aposta, obrigarlle a que intente levantarse só (non axudalo inmediatamente)
- Insistirle en pedir as cousas por favor, dar as grazias cando lle axuda un compañeiro/a...
- Ensinarlle a beber sorbendo dunha palliña.
- Que usará pantalón de deportes e que el mesmo intentara subilo e baixalo.
- Exercicios de prensión de dedos...
- Exercicios para traballar o ton muscular...
- Facelo camiñar só (si quere algo que veña a buscalo) etc.

Foi un período difícil para todos, tanto pais como docentes, xa que as veces incluso nos parecía demasiado duro ós que traballábamos con el tódolos días. Pero, despois dun tempo empezaron a observarse os progresos.

En outro ámbito, afrontamos a tarefa de derrubar barreiras arquitectónicas e despois de “patalexar” reiteradamente ante a administración local conseguimos ramplas nas escaleiras e un aseo adaptado.

Foi tamén nesta época, cando afrontamos a tarefa de facilitarlle o acceso á escritura. Ata o momento dispoñía dun comunicador persoal que non era capaz de utilizar. Despois de visitar o centro “San Pedro de Visma” na Coruña, que dispón dunha unidade especial de paráliticos cerebrais, entramos en contacto cun programa de MS2 que mediante un pulsador permitíalle escribir. É un programa moi lento, pero, nese momento foi un gran avance.

Este programa presenta as letras ordenadas en filas e un cursor luminoso vai varrendo de modo que unha vez localizada a fila na que está a letra que nos interesa seleccionase a través do pulsador; logo o cursor luminoso vai varrendo letra a letra e ó chegar á que interesa vólvese a pulsar. Este programa, anque supuxo un avance inmenso, presenta, a parte da lentitude, todos os problemas de traballar nun sistema operativo pouco funcional.

Intentouse que accedera ó teclado normal utilizando una carcasa metálica, pero enganchábase os dedos, así que abandonamos esta idea hasta que: “por casualidade soou a fruta”.

O pulsador estragábase constantemente, o que supoñía deixar a X.C. sen a ferramenta principal de traballo. Nun de estes períodos de espera (curso 2000/01) a profesora de apoio decidiu que era hora de volver a probar co teclado ordinario, pero esta vez sen carcasa, a sorpresa foi maiúscula ó descubrir que con moita lentitude e con axuda X.C. conseguía escribir con un só dedo. Neste punto, a profesora de apoio convocou ó equipo docente para propoñerlle priorizar o manexo do teclado a outros contidos académicos, situación na que todos os docentes estiveron de acordo; e así foi como despois de moitas horas de práctica X.C. conseguiu deixar de lado o pulsador e escribir nun teclado ordinario.

Na actualidade utiliza un ordenador “ordinario” con tódalas vantaxes que isto supón, xa que se abre ante el un campo inmenso: as novas tecnoloxías da información e da comunicación. Nove meses despois X.C. tiña bastante autonomía á hora de escribir, utilizaba programas educativos que lle facilitaban o acceso ó currículo.

Hai que destacar que, durante este longo período (5 años), o talante da familia foi evolucionando e na actualidade acepta de bo grado calquera suxestión do equipo docente acerca do traballo co seu fillo.

3.-¿Cáles son as súas necesidades educativas especiais?

Este alumno, necesita unha aprendizaxe fundamentalmente visual. Ten pouca capacidade de abstracción, polo que presenta moitas dificultades na resolución de problemas. Así mesmo, como anteriormente apuntábase, na expresión escrita necesita de medios informáticos para poder acceder á escritura. Partindo de esto, poderíase dicir que, as súas n.e.e., de forma xeral, son :

- Mellorar a lectura mecánica e comprensiva
- Mellorar a lectura silenciosa
- Desenvolver a capacidade de atención
- Traballar o ton muscular
- Exercitar o control corporal
- Desenvolver a capacidade de razoamento
- Potenciar a autonomía persoal
- Traballar a nivel de logopedia

4.- ¿Qué aportan as novas tecnoloxías?

Aparte de permitirlle utilizar a linguaxe escrita, o uso del PC posibilitalle o uso de xogos didácticos que lle facilitan o acceso ó currículo, axudándolle na adquisición de destrezas e capacidades básicas:

- Calculo mental, resolución de problemas...
- Desenvolvemento da linguaxe verbal (oral e escrito)
- Destreza manual (manexo do rato)
- Visitar páxinas Webs de interese...
- Correo electrónico...

Se en calquera caso, en educación, o emprego das novas tecnoloxías supón un gran apoio á labor docente, neste caso en particular podemos afirmar que xa se nos fan imprescindibles. Como afirma Torres (1999), “... es obvia la versatilidad y accesibilidad para la comunicación e interacción social que posúen los medios audiovisuais e informáticos para los sujetos con necesidades educativas especiales. No hay que olvidar que para muchas personas este tipo de recursos técnicos y tecnológicos, y en especial, los recursos informáticos, son la única vía de acceso al mundo, a la interacción social y a la comunicación con el entorno. La utilización de las diferentes estrategias y recursos tecnológicos permite paliar las dificultades que algunos sujetos con necesidades educativas especiales tienen no solamente durante el período de escolarización, sino en su posterior incorporación al mundo laboral” (2).

5.-¿Cómo se desenvolve a vida na aula?

Na aula ordinaria: X.C. segue, en xeral, o horario marcado desde o comezo do curso escolar (esta regularidade vese alterada polo seu estado; de saída e revisións médicas). Fundamentalmente, traballa en gran grupo cos demais, aínda que non fai preguntas nin pide aclaracións do explicado polo profesorado, Sen embargo en aquelas actividades que implican movemento corporal a súa participación é escasa. Pode realizar actividades orais en grupos máis pequenos (batería de preguntas). Todo isto favorece a súa socialización. É un neno integrado na aula aínda que necesita dunha atención concreta e apoio constante que recibe cando os seus compañeiros realizan as tarefas individuais.

Na actualidade, trabállanselle os mesmos conceptos que ó resto do grupo, pero adaptados a súas capacidades, incidindo en:

- A lectura sen silabeo
- A lectura comprensiva
- O traballo autónomo

Na aula de apoio: concretamente, trabállanse nesta aula:

- Aspectos concretos da súa deficiencia, que non teñen cabida no currículo da aula normal.
- Algunhas áreas nas que o desfase co grupo de referencia é tan grande que imposibilita acceder ó currículo da aula ordinaria (por exemplo: matemáticas).

6.-¿Qué ocorre a nivel de centro?

Vémonos na obriga como centro educativo, de tentar dar a mellor resposta posible a tódalas “diferencias” que se producen no seu entorno. Pero ¿cómo levar á práctica real a atención á diversidade nos centros?. Considerado de este modo, parece imposible, porque, tanto ó sistema como ó profesorado fáltanos esa decisión e esa traxectoria previas e imprescindibles, para enfrontarnos a un modelo que en principio resulta bastante complicado de concretar na práctica. En todo caso, un

primeiro elemento de atención á diversidade centrarse nos niveis de concreción do currículo: D.C.B.s autonómicos, P.C.C.s, P.E.C.s, programacións de aula e unidades didácticas son os útiles máis concretos cos que contamos para dar unha auténtica resposta diversa.

Tócanos entón analizar o P.E.C. deste centro e en concreto ver se nos pode orientar. Encontramos cunha nota de identidade sobre a atención á diversidade na que nos propón: Un modelo de ensinanza que este baseado na adaptación continúa ás diferencias de capacidades, coñecementos previos, motivacións intereses e ritmos de aprendizaxe; Apúntanos tamén horarios, grupos flexibles e o establecemento de dunha colaboración entre profesores tutores, profesores de apoio e equipo de orientación que permitan dar unha atención máis directa ó alumnado que o precise.

Unha vez analizado esto, o centro ten que asumir as responsabilidades de integrar ó alumno tanto a nivel físico (presencia), como a nivel educativo (adquisición de coñecementos procurando que teña as mesmas oportunidades que os seus compañeiros e compañeiras de aula e viceversa; que a súa presenza non vaia en detrimento do resto do alumnado

Con este obxectivo como núcleo principal lévanse a cabo unha serie de decisións que van a interferir dunha maneira positiva na vida do centro e a súa vez desencadear uns cambios físicos, actitudinais, organizativos, que se resumen en:

- Favorécese a coordinación entre o equipo docente do alumno (titor, profesor de apoio, profesores especialistas...) estipulando unha hora á semana para realizar un intercambio de experiencias que posibilite unha acción conxunta e coordinada sobre o alumno e o resto da clase.
- Procúrase establecer unha ratio menor nese grupo – clase
- Incorpóranse outros profesionais: Un profesor de apoio e posteriormente unha coidadora
- Suprímense barreiras arquitectónicas:
 - Habilitación dunha aula achegada á súa para traballar aspectos da súa minusvalía
 - Permanencia do grupo clase na planta baixa do centro
 - Remodelación dos accesos ó centro, servicios...etc
 - Mesa e cadeira adaptadas para evitar caídas ou movementos bruscos
- Cambiase de actitude: Respecto ó colectivo do profesorado supuxo nun primeiro momento un desconcerto que pouco a pouco foi desembocando nunha aceptación, colaboración, maior implicación e coordinación. A modo de exemplo podíamos recordar a reticencia coa que se facían as substitucións nesa aula; escoitando esto, ninguén podería pensar que ó cabo dun tempo profesores definitivos e dunha maneira voluntaria asumiran a titoría do grupo – clase. En canto ó resto da comunidade educativa; en especial os pais aínda estando sensibilizados co problema, nas reunións deixábase entrever desconfianza, medo e reticencia que foron desaparecendo a medida que se ían acadando metas

Ó tempo que se ía progresando e adquirindo niveis óptimos en coordinación colaboración e cambio de actitude creouse un grupo de traballo, que nos obrigaba a establecer un horario fixo , dedicación plena e por outra banda a facer unha

exhaustiva avaliación do seguimento realizado e busca de novas alternativas cando o caso o requiría

7.- Algunhas reflexiónes aportadas polo profesorado que le deu clase:

- *“A primeira sensación que tiven ó ter na clase a este neno foi de medo, nunca dera clase a un neno con n.e.e., non tiña formación específica sobre a materia, parecíame un mundo descoñecido. Os primeiros días parecíame que experimentaba unha barreira cara a el, a continuación , pensaba: vai estar no grupo, teño que buscar un deseño da clase que permita que estea integrado, teño que cambiar a programación . comecei a ler , a documentarme sobre o tema, a falar cos outros profesores e profesoras `para ver que podíamos facer entre todos (o que, me axudou moito). Durante as sesións de comencei a tratar de falar con X.C., resultaba bastante difícil xa que ten moita problemática a nivel de articulación, notei como pouco a pouco me iba entendendo mellor con él. Pouco a pouco , fun pasando de sentirme incómoda con él a consideralo como parte do grupo (é difícil deixar de consideralo alguén distinto).*

O contacto con este neno, axudoume a nivel profesional a introducirme na integración do alumnado, na flexibilidade da ensinanza, na adaptación do currículo, en definitiva, a estar concienciada do que é a atención á diversidade” (Profesora de primaria).

- *“ Medo, desconcerto, preocupación... unido áss preguntas ¿ que fago con él? e ¿Que fago co resto de alumnos e alumnas da aula? Son as primeiras ideas que me veñen á mente ó lembrar a miña experiencia con X.C.*

Era una clase de 2º de E.P. tiña a responsabilidade de que eses nenos e nenas automatizaran a lecto-escritura e afianzaran unas operaciones básicas. Ó principio, o que máis me costou foi entenderme con él, pois tiña moitas dificultades para expresarse.

Lín uns cantos libros sobre Parálise cerebral e tratei de facer ó resto do grupo o máis autónomo posible para poder adicarlle un tempo individualmente, pois en aquela época todavía non tiñamos profesora de apoio.

Despois de tres meses de curso xa estábamos todos integrados, non sei como pero conseguimos un grupo cohesionado e o suficientemente autónomo para que todos nos sentiramos satisfeitos (alumnado, pais e profesora)

¿Qué me aportou esta experiencia? Creo que me eirviu de trampolín para afrontar novos casos e entender que a atención á diversidade non é outra de tantas palabras que están de moda, senon que é real, tanxible e sobre todo posible de realizar” (Profesora de primaria).

- *“É difícil concretar en palabras a primera impresión que me causou X.C .Como profesora de apoio competeme traballar aqueles aspectos que favorezan a súa autonomía personal e facilitarlle o acceso ó currículo, dotándoo de ferramentas e estratexias personais.*

Dadas as características especiais do alumno parecía que moi pouco ou nada se podía facer (non tiña autonomía motórica, apenas se lía e non escribía) realmente debo admitir que durante un tempo solo vía as suas limitacions o que provocaba en mín unha impotencia un desconcerto total. Foi o traballo en equipo con outros compañeiros y compañeiras que xa lle deran clase antes o que produciu o cambio en min e comecei a miralo desde a perspectiva das posibilidades e non das súas

limitacions. Hoxe mirando retrospectivamente creo que os seus progresos superaron a perspectiva máis optimista” (profesora de apoio).

8. -Perspectivas de futuro:

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e da comunicación pode ser unha ferramenta moi válida para dar resposta ás necesidades específicas do alumnado. Dende os centros temos a responsabilidade e o deber de integrar ditas ferramentas de forma axeitada no currículo.

Así mesmo, resulta de vital interese que o profesorado tome conciencia da importancia de atender á diversidade do alumnado nas súas aulas e dar unha resposta individual a dita diversidade. Para isto, sen dúbida é necesario potenciar a formación do profesorado neste campo.

Neste senso, unha perspectiva de cambio e mellora escolar require a necesidade de que o profesor dun mesmo centro escolar reflexione e busque respostas á diversidade de forma conxunta e en tódolos os niveis de concreción curricular.

9.-Referencias bibliográficas:

PÉREZ, JUAN I. (1995) ” Necesidades Educativas Especiales “ Ediciones Xerais de Galicia

TOLEDO, M^a. E. Y GONZÁLEZ, E.: “ Intervención en el contexto familiar de los sujetos que presentan necesidades educativas especiales” en GONZÁLEZ, E. (1995): Necesidades Educativas Especiales, Madrid, CCS.

TORRES, J.A.(1999): “El papel de las nuevas tecnologías en el proceso de atención a la diversidad en las aulas: niveles de utilización de la tecnología informática en el asesoramiento externo”, en [http://tecnologiaedu.us.es/edutec/2libroedutec99/libro/6.4.htm].